

Falar unha lingua

Felipe Domínguez Figueroa

Accésit do concurso Igualando a lingua 2010, convocado polo Concello de Cee

<http://www.concellocee.es/>

Eu sabía falar unha lingua, recordo; eu era un neno e o mundo, despois de queimarse durante anos naquel terrible incendio chamado Guerra, no que non había iogures, nin “chocolate”, nin nada, nin sequera fala (porque o medo che apertaba a gorxa e a fala moitas veces non era quen de saír para fóra); ese mundo queimado comezaba de novo a rexurdir.

Recordo, eu era mozo e comezaba a mirar... Entre os “queixumes dos pinos” queimados, se te fixabas ben, podías ver algún lotiño de herbas verdes cheas de vida ciscadas por “aquí e acolá”. E se escoitabas ben, porque aínda non aprenderas a mirar, podías oír “a gaita galega” cantar.

Un día vin, alá pola primavera, un fermoso pexegueiro florido ó pé dunha roseira; foi o meu primeiro amor. O vento, ó pasar por entre as súas polas, traía “Cantares” ós meus oídos e arrolaba soños.

Cantos froitos comemos daquel pexegueiro ó pé do Rosal!

Recordo que daquela eu sabía falar unha lingua.

Pasou o tempo e a herba pouco a pouco foi cubrindo todo o monte, as zonas máis afastadas, as máis difíciles de chegar para a maioría dos homes, verdeceron primeiro, zonas onde o mellor tan só chegaba un home, aló polo Caurel, ou no alto do monte Pindo, ou no Cabo da Nave, sitios onde tiñas que ir adrede si querías ver a herba.

Logo as árbores foron enchéndose de “follas novas”, alá polas aldeas mais pequerrechiñas onde nunca deixou de haber algo verde.

Algunha maceira, algunha pereira, e de cando en vez, algún Carballo antigo que nunca foi queimado.

Recordo un deses vellos carballos, alá na aldea dos meus pais cando iamos de visita. Acórdome de quedar a durmir arrolado polo marmullo das súas pólas, polo doce da súa fala. Era a primeira árbore que vira feita daquela madeira; alto, ergueito, sempre che miraba ós ollos.

Máis tarde coñecín outras árbores coma el, feitas da mesma madeira; moitas anónimas pero algunhas que chegaron a ter nome propio, entre elas Curros, Pondal, Ferreiro, Cabanillas; aínda hoxe non hai Carballos así. Todos pequechos e fracos, á beira das estradas, asoballados polos eucaliptos, que viñeron de fóra e se quedaron, que chupan a auga dos terreos, que tornan a terra ácida, e que agora, mal que nos pese, xa son nosos tamén.

Tamén nós fomos emigrantes un día, e tamén nos mesturamos noutras terras e tamén lles chupamos a auga e tornamos ácidas as súas terras. Ata eles chegaron os “aires da miña terra” e así puideron medrar e non morrer de morriña. Os mundos cambian, sabes meu neníño?

Pois como ía dicindo, como palabras medraban as herbas, as árbores... Algúns daban froito outros non. As silvas e os toxos espallábanse por todos lados, medraban sen moita orde, pero medraban fermosos e sobre todo arrecendían, porque naceran libres... Non coma moitas desas plantas de agora nadas en invernadoiros, moi bonitas por fóra pero sen arrecendo; eses tomates enormes que non saben a nada, eses froitos das cámaras conxeladoras... Esterco é o que lle falta!

Antes había esterco porque había vacas, pero agora nin vacas, nin leite, ata a lingua que falo non me sabe ás veces a nada.

Medraba o verde, espallábase a fala, a pesar de que había ben deles que cortaban e queimaban.

Ninguén foi quen de deter as herbas que medraban. Ata ás cidades chegaban, ós hospitais, ás aulas.

Ó pouco de casar, Pedriño, tiven que ir á cidade a arranxar os papeis da voda e alí, na cidade, a verdade é que case non había herba; aínda había moito queimado por alí, tiven que deixar o verde e pasarme ó gris, ó negro, ó tizado pois aqueles homes eran coma os pinos queimados, coma os eucaliptos, apenas lograba entendelos.

Non obstante pouco a pouco funme fixando que aquela casa tiña verdín nas pedras, un pouco máis adiante tres ou catro herbas medraban por entre o asfalto da estrada, e souben entón que tamén alí chegaría máis tarde ou máis cedo o verde da terra, que todos, aínda algúns sen decatarse, levamos dentro.

Hoxe podes ver que tamén nas cidades hai verde, aínda que non coma no campo claro; pero deixan parques, con árbores e bancos para sentar á súa sombra, aínda que sexa por moda, pero deixan que a herba medre por eses parques. Esas árbores non son coma aquel Carballo da aldea, claro, pero son árbores. A maioría delas non dan froito. Máis ben son decorativas. E mesmo podes atopar árbores ananas que chaman bonsais. A natureza parece comportarse doutra forma nas cidades, así lle está a pasar á miña lingua, sabes Pedriño?

Todo se está a poñer tan ordenado e tan no seu sitio que..., eu non sei a onde imos ir parar. Ata os pinos dos montes medran en ringleiras.

Antes estaba moi feliz porque as verbas medraban e medraban, e arrecendían e eran fermosas, pero claro, agora haberá que ordenar todo iso.

Antes, sabes Pedriño?, collías unha palabra e non era perfecta, ó mellor se a collías en Fisterra dicías “nuite”, pero se a collías por Ourense dicías “noite”, pero que ben sabía calquera das dúas.

Sabes Pedriño? Nós pasamos moita fame de fala.

Agora, non obstante, eu xa son vello e nunca me gustaron as podas, nin os setos de xardín que delimitan o terreo, nin as árbores ananas, debe ser o momento de ordenar, e por iso os

pinos medran en ringleiras, -quen o ía dicir!-, ata os eucaliptos que veñen de fóra medran mais desordenados. Creo que moitos eucaliptos estanse volvendo galegos e os pinos estanse amansando de máis.

- Está ben!, é o momento de ordenar, de normalizar, chámalle agora, como se o de antes non fora normal.

- Está ben!, que se ordene todo, que se organice, e mesmo se colla algunha palabra dalgún invernadoiro, pero por favor que deixen algunha que teña sabor, que teña arrecendo, déixame algunha que poida recoñecer. Eu xa son vello, non me adapto ben ós cambios.

- Sabes Pedriño? Ti es novo, dilles que deixen o esterco, porque sen esterco, non hai vacas, non hai leite, non hai fala.

Eu sabía falar unha lingua..., pero agora Pedriño, agora é tempo de ordenala.